

**LEI 18/2011, DO 5 DE XULLO, REGULADORA DO USO DAS
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN NA
ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

(BOE núm. 160, do 06/07/2011)

(Última actualización do 06/10/2015: o texto foi actualizado polos equipos
lingüísticos da Administración de xustiza.)

Juan Carlos I, rei de España

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Todas as persoas teñen dereito a obteren a tutela efectiva dos seus dereitos ante os tribunais. Así se recoñece no noso ordenamento xurídico no artigo 24.1 da Constitución e no artigo 14.1 do Pacto internacional de dereitos civís e políticos. Para salvagardar os devanditos dereitos dos cidadáns é necesaria a modernización da Administración de xustiza, campo esencial para consolidar o Estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Neste contexto de modernización, un dos elementos de maior relevancia é, precisamente, a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías. O seu uso xeneralizado e obrigatorio contribuirá a mellorar a xestión nas oficinas xudiciais, actualizando o seu funcionamento e incrementando os niveis de eficiencia. As novas tecnoloxías permiten igualmente abaratar os custos do servizo público de xustiza, pero tamén supoñen unha mellora da confianza no sistema, o que se traduce en maior seguridade. Isto incide de maneira directa e indirecta no sistema económico, pois os cambios xeran novas perspectivas nas relacións económicas, acrecentando a seguridade e a fluidez destas.

Esta lei regula o uso das novas tecnoloxías na Administración de xustiza. Os principais obxectivos desta norma son: primeiro, actualizar o contido do dereito

fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas, grazas á axilización que permite o uso das tecnoloxías nas comunicacións; segundo, xeneralizar o uso das novas tecnoloxías para os profesionais da xustiza; terceiro, definir nunha norma con rango de lei o conxunto de requisitos mínimos de interconexión, interoperabilidade e seguridade necesarios no desenvolvemento dos diferentes aplicativos utilizados polos actores do mundo xudicial, co fin de garantir a seguridade na transmisión dos datos e cantas outras exixencias se conteñan nas leis procesuais.

II

No noso ordenamento xurídico existen xa distintos antecedentes que facían necesaria a aprobación desta norma.

Así, por un lado, a Lei orgánica 16/1994, do 8 de novembro, pola que se reforma a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, introduciu, por vez primeira no noso ordenamento xurídico, a posibilidade de utilizar medios técnicos, electrónicos e informáticos para o desenvolvemento da actividade e o exercicio das funcións de xulgados e tribunais.

A reforma realizada incluía a posibilidade de dotar os novos documentos ou comunicacións da validez e eficacia dos orixinais, sempre que se garantise a autenticidade, a integridade e o cumprimento dos requisitos previstos nas leis procesuais.

A partir desta reforma leváronse a cabo numerosas modificacións en distintas normas co fin de facer efectiva esta previsión. Debe advertirse, iso si, que estas modificacións se produciron obedecendo a necesidades concretas e puntuais detectadas case sempre nas distintas leis procesuais. Tamén se aprobaron normas relativas á regulación de aplicacións e sistemas informáticos utilizados na Administración de xustiza, así como o establecemento de rexistros e sistemas de información e apoio á actividade xudicial.

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o día 22 de abril de 2002 unha proposición non de lei sobre a Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza. Esta carta sinala no seu preámbulo que, nos albores do século XXI, a

sociedade española demandaba con urxencia unha xustiza máis aberta que fose capaz de darlles resposta aos cidadáns con maior axilidade, calidade e eficacia, incorporando para iso métodos de organización e instrumentos procesuais máis modernos e avanzados. Baixo o título «Unha xustiza moderna e aberta aos cidadáns», a primeira parte da carta recolle os principios que deben inspirar a consecución do devandito obxectivo: unha xustiza transparente e comprensible.

O número 21, afondando na necesidade de que a xustiza sexa avanzada tecnoloxicamente, recoñece o dereito «a comunicarse coa Administración de xustiza a través do correo electrónico, videoconferencia e outros medios telemáticos conforme o disposto nas leis procesuais».

Máis tarde, a Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal consagra o obxectivo xeral de transparencia proclamado na Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza, e crea un instrumento técnico chamado Plan de transparencia xudicial. Este plan foi aprobado por acordo do Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005. Nel identifícase como instrumento imprescindible para lograr o obxectivo da transparencia a plena utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza. Para que este uso sexa realidade cómpre unificar ou facer compatibles as distintas aplicacións informáticas que se utilizan nas oficinas xudiciais, así como crear páxinas de información nas administracións con competencias en materia de xustiza. Tamén se declara a necesidade de establecer sistemas adecuados de interconexión e sistemas de intercambio seguro de documentos nos procesos xudiciais, así como garantir a dispoñibilidade dos sistemas de comunicacións entre as distintas sedes xudiciais electrónicas.

Noutra orde de cousas, en 2007 apróbase a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Esta norma supón o recoñecemento definitivo do dereito dos cidadáns a se comunicaren electronicamente coas administracións públicas. Esta lei establece o réxime xurídico da administración electrónica e a xestión electrónica dos procedementos administrativos e senta as bases sobre as cales debe

articularse a cooperación entre as distintas administracións para impulsar a administración electrónica.

Por último, no plano internacional, a Unión Europea desenvolveu o Plan de acción E-Xustiza. Este plan de acción busca a mellora da eficacia dos sistemas xudiciais mediante a aplicación das tecnoloxías da información e comunicación na xestión administrativa dos procesos xudiciais. O plan busca tamén a cooperación entre as autoridades xudiciais e, o que é máis importante, o acceso dos cidadáns á xustiza. Para iso, o plan propón a adopción de medidas coordinadas no ámbito nacional e europeo. A súa aplicación implicará probablemente modificacións e adaptacións na lexislación procesual, así como a creación dun marco regulador da utilización das novas tecnoloxías na Administración de xustiza española, que é o obxectivo a que responde esta norma.

III

A Administración de xustiza presenta características que a diferencian das restantes administracións públicas. En primeiro lugar, pola propia natureza da función que a Administración xudicial ten atribuída, xa que se trata dun poder do Estado distinto do poder executivo, no que se encadran as administracións públicas, que, ademais, debe satisfacer un dereito fundamental que, pola súa vez, é clave para soste o Estado de dereito. En segundo lugar, a relación dos cidadáns cos órganos xudiciais establécese case sempre a través de profesionais, cousa que non adoita suceder no caso das administracións públicas.

Dadas estas características, considerouse que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos non é plenamente aplicable á Administración de xustiza e é necesaria unha regulación específica. Isto non quere dicir, porén, que non se adoptasen idénticos principios e valores en moitos aspectos.

Así, tívose en conta a diferenza entre o procedemento administrativo e as normas procesuais. A presente lei regula unicamente os aspectos necesarios

para cumprir a lexislación procesual no relativo ao uso das novas tecnoloxías. Así, por exemplo, non se buscou establecer prazos ou termos distintos dos sinalados nas leis de axuízamento, senón que a norma se limita a establecer os criterios que deben ser considerados para o seu cómputo se os actos procesuais que determinan o seu comezo ou fin se efectúan a través de medios electrónicos.

Tamén ten unha grande importancia a cooperación entre administracións en materia de administración electrónica. Para iso establécense marcos estables e vinculantes de colaboración, cooperación e coordinación. Neste capítulo cobra especial importancia a consolidación como norma legal dalgunhas das previsións contidas no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado para o establecemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade no ámbito da Administración de xustiza (EXIS). Así mesmo, a lei crea o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, que asumirá competencias orientadas á interoperabilidade das distintas aplicacións que se utilizan na Administración de xustiza, sen prexuízo das previstas para o Consello Xeral do Poder Xudicial.

IV

A lei consta de cincuenta e seis artigos agrupados en cinco títulos, doce disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e catro disposicións derradeiras.

No título I defínese o obxecto da lei e o seu ámbito de aplicación.

O título II dedícase a regular o uso de medios electrónicos na Administración de xustiza e estrutúrase en tres capítulos. O primeiro deles recolle os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa devandita Administración, recoñecendo a liberdade de elección á hora de establecer tales relacións e garantindo que a Administración lles facilitará os medios necesarios para relacionarse electronicamente, mesmo cando o cidadán non dispoña deles.

O capítulo II recolle os dereitos e deberes dos profesionais do ámbito da xustiza nas súas relacións con esta por medios electrónicos. Avogados, procuradores, graduados sociais e demais profesionais que actúan no ámbito da xustiza, ademais de teren recoñecidos os dereitos que lles son necesarios para o exercicio da súa profesión, utilizarán os medios electrónicos para a presentación dos seus escritos e documentos. Esta actividade permitirá a tramitación integramente electrónica dos procedementos xudiciais.

O terceiro e último capítulo deste título recolle a obriga de todos os integrantes dos órganos e oficinas xudiciais, así como das fiscalías, de utilizaren exclusivamente os programas e aplicacións informáticas postas á súa disposición polas administracións competentes.

O título III aborda o réxime xurídico da Administración xudicial electrónica. No seu capítulo I defínese o que son as sedes xudiciais electrónicas e establécese o seu contido mínimo. A través das ditas sedes realizaranse as actuacións que leven a cabo cidadáns e profesionais coa Administración de xustiza. Diferénciase entre a titularidade da sede, que vén atribuída á Administración competente para dotar de medios materiais os xulgados e tribunais, e o responsable dos contidos daquela, que será o órgano que orixine a información que se inclúa na sede. Por tanto, o titular dunha sede será unicamente un e os responsables, tantos como órganos inclúsen contidos nela. Especial atención merece a posibilidade de crear unha ou varias sedes electrónicas derivadas ou subsedes. Por outro lado, dispónse a creación dun punto de acceso xeral da Administración de xustiza, a través do cal se poderá acceder a todas as sedes e subsedes do territorio nacional, con independencia da posibilidade de acceso directo a estas.

O capítulo II dedícase ás formas de identificación e autenticación, tanto de cidadáns e profesionais como da propia Administración de xustiza. Respecto aos primeiros, considérase a posibilidade de uso de diversos sistemas de sinatura electrónica, ademais do incorporado ao documento nacional de identidade. En canto aos órganos e oficinas xudiciais, establécese a obrigatoriedade de que a Administración competente lles facilite a estes os sistemas de sinatura electrónica consistentes en selo electrónico e código

seguro de verificación. Así mesmo, neste capítulo regúlase o uso da sinatura electrónica por parte de todo o persoal ao servizo da Administración de xustiza. Por último, establécense as condicións para facer posibles a interoperabilidade e a autenticación por medio de certificados electrónicos e intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación.

O título IV fixa as condicións para facer posible a íntegra tramitación electrónica dos procedementos xudiciais. Dedicado o capítulo II a definir e regular o expediente xudicial electrónico, herdeiro dixital dos «autos» que tradicionalmente constituíron o decorado dos nosos xulgados e tribunais. Cuestións tales como a paxinación ou a tradicional remisión dos autos adquiren unha dimensión totalmente diferente ao abeiro das novas tecnoloxías.

Dispónse igualmente que documentos teñen a consideración de documentos xudiciais electrónicos e abórdase unha regulación das copias electrónicas en función do formato do orixinal. Por último, neste capítulo dedícase un artigo a establecer as condicións en que se deben archivar os documentos xudiciais electrónicos.

O capítulo III deste título trata do rexistro de escritos, das comunicacións e notificacións electrónicas. Establécese o principio de que cada oficina xudicial con funcións de rexistro e repartición terá asignada unha sede electrónica derivada ou subsede, de tal forma que calquera escrito, oficio ou comunicación dirixidos a un órgano ou oficina xudicial, aos cales preste servizo de rexistro e repartición, deberán ter a súa entrada a través da dita subsede electrónica. Regúlase o réxime de funcionamento do citado rexistro, así como o cómputo de prazos. Regúlase igualmente a forma en que deben comunicarse os cidadáns e profesionais por medios electrónicos coa Administración de xustiza, así como as condicións e requisitos que deben cumprir os sistemas que implanten as distintas administracións con competencias nas oficinas xudiciais para a realización de actos de comunicación por medios electrónicos.

O capítulo IV contén as previsións relativas á tramitación electrónica dos procedementos xudiciais. En canto ao inicio do procedemento, establécese a obrigatoriedade de que este sexa sempre por medios electrónicos, distinguindo

os casos en que os cidadáns o inicien persoalmente sen intervención de profesionais, caso en que terán á súa disposición os medios necesarios para o poderen facer na dita forma, dos casos en que comparezan asistidos por profesionais, en que serán estes os que teñan a obriga en todo caso de presentar o escrito ou demanda iniciadora do procedemento en forma telemática.

Establécense, así mesmo, as características básicas que deben ter as aplicacións e sistemas de información utilizados para a xestión por medios electrónicos dos procedementos xudiciais, de cara a garantir aspectos esenciais da tramitación electrónica e a forma en que deben incorporarse aos devanditos procedementos os escritos, documentos e outros medios ou instrumentos que deban ter acceso a eles.

Prevese a forma en que as partes poden utilizar medios electrónicos para exercer o dereito recoñecido nas leis procesuais a accederen á información sobre o estado de tramitación dos procedementos.

O título V da lei aborda os aspectos básicos sobre os cales se debe asentar a necesaria cooperación e colexiación de esforzos entre as administracións con competencias en materia de xustiza. Constitúese o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica con importantes competencias orientadas a favorecer a compatibilidade e a asegurar a interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados na Administración de xustiza, así como para asegurar a cooperación entre as distintas administracións.

Defínese o contido do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade, ao se consideraren tales calidades como esenciais para un eficaz e eficiente funcionamento do sistema, e establécense que deberá terse presente e acomodarse a el todos os servizos, sistemas e aplicacións utilizados na Administración de xustiza ao longo do seu ciclo de vida.

Establécense os principios xerais a que deberán responder tanto a interoperabilidade entre as distintas aplicacións coma a seguridade da información contida nelas.

Como concreción do principio de cooperación a que obedece esta lei, dispónse a posibilidade da reutilización de sistemas, infraestruturas e aplicacións das administracións con competencias en materia de xustiza.

Por último, nas disposicións adicionais establécense os prazos a que se deben axustar as distintas administracións con competencias en materia de xustiza para o íntegro establecemento nas oficinas xudiciais e fiscalías dos medios e instrumentos necesarios para a efectiva implantación das tecnoloxías da información e comunicación.

TÍTULO I. DO ÁMBITO DE APLICACIÓN E OS PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. Esta lei regula a utilización das tecnoloxías da información por parte dos cidadáns e os profesionais nas súas relacións coa Administración de xustiza e nas relacións da Administración de xustiza co resto de administracións e organismos públicos, nos termos recollidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2. Na Administración de xustiza utilizaranse as tecnoloxías da información de acordo co disposto nesta lei, asegurando o acceso, a autenticidade, a confidencialidade, a integridade, a dispoñibilidade, a rastrexabilidade, a conservación e a interoperabilidade dos datos, informacións e servizos que xestione no exercicio das súas funcións.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta lei será aplicable á Administración de xustiza, aos cidadáns nas súas relacións con ela e aos profesionais que actúen no seu ámbito, así como ás relacións entre aquela e o resto de administracións e organismos públicos.

Artigo 3. Definicións

Para os efectos desta lei, os termos relacionados no anexo terán o significado que resulta das definicións contidas nel.

TÍTULO II. USO DOS MEDIOS ELECTRÓNICOS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

CAPÍTULO I. Dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración de xustiza por medios electrónicos

Artigo 4. Dereitos dos cidadáns

1. Os cidadáns teñen dereito a se relacionaren coa Administración de xustiza utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos nos capítulos I e VII do título III do libro III da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, na forma e coas limitacións que neles se establecen.

2. Ademais, os cidadáns teñen, en relación coa utilización dos medios electrónicos na actividade xudicial e nos termos previstos nesta lei, os seguintes dereitos:

a) A elixir, entre aqueles que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos coa Administración de xustiza.

b) Á igualdade no acceso electrónico aos servizos da Administración de xustiza.

c) A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos en que sexan parte procesual lexítima, nos termos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

d) A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte de procedementos en que teñan a condición de parte ou acrediten interese lexítimo, nos termos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

e) Á conservación en formato electrónico pola Administración de xustiza dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente conforme a normativa vixente en materia de arquivos xudiciais.

f) A utilizar os sistemas de identificación e sinatura electrónica do documento nacional de identidade ou calquera outro recoñecido para calquera trámite electrónico coa Administración de xustiza nos termos establecidos polas leis procesuais.

g) Á garantía da seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións da Administración de xustiza nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

h) Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.

i) A elixir as aplicacións ou sistemas para relacionarse coa Administración de xustiza sempre e cando utilicen estándares abertos ou, de ser o caso, aqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns e, en todo caso, sempre que sexan compatibles cos que dispoñan os xulgados e tribunais e se respecten as garantías e requisitos previstos no procedemento de que se trate.

Artigo 5. Prestación de servizos e disposición de medios e instrumentos electrónicos

1. As administracións con competencia en materia de xustiza habilitarán diferentes canles ou medios para a prestación dos servizos electrónicos, asegurándolles en todo caso o acceso a eles a todos os cidadáns, con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos, na forma que consideren adecuada.

2. As administracións competentes en materia de xustiza asegurarán o acceso de todos os cidadáns aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito a través dun sistema de varias canles que conte, polo menos, cos seguintes medios:

a) As oficinas de información e atención ao público, nos procedementos en que os cidadáns comparezan e actúen sen asistencia letrada e sen representación procesual, porán á súa disposición de forma libre e gratuíta os medios e

instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos no artigo 4 desta lei, e deberán contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se localicen ou ben mediante sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.

b) Puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes xudiciais electrónicas creadas e xestionadas polas distintas administracións competentes en materia de xustiza e dispoñibles para os cidadáns a través de redes de comunicación, para as súas relacións coa Administración de xustiza.

c) As administracións con competencias en materia de xustiza publicarán a relación de todos os puntos de acceso electrónico.

d) Servizos de atención telefónica cos criterios de seguridade e as posibilidades técnicas existentes, que lles faciliten aos cidadáns as relacións coa Administración de xustiza no que se refire aos servizos electrónicos mencionados nas alíneas anteriores.

e) Puntos de información electrónicos, situados nos edificios xudiciais.

CAPÍTULO II. Dereitos e deberes dos profesionais da xustiza nas súas relacións coa Administración de xustiza por medios electrónicos

Artigo 6. Dereitos e deberes dos profesionais do ámbito da xustiza

1. Os profesionais da xustiza teñen o dereito a relacionarse con esta a través de medios electrónicos.

2. Ademais, os profesionais teñen, en relación coa utilización dos medios electrónicos na actividade xudicial e nos termos previstos nesta lei, os seguintes dereitos:

a) A acceder e coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos en que sexan representantes procesuais da parte comparecida, nos termos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

b) A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte de procedementos en que sexan representantes procesuais da parte comparecida ou acrediten interese lexítimo, nos termos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

c) Á conservación en formato electrónico pola Administración de xustiza dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente segundo a normativa vixente en materia de arquivos xudiciais.

d) A utilizar os sistemas de sinatura electrónica do documento nacional de identidade ou calquera outro recoñecido, sempre que o dito sistema o identifique de forma unívoca como profesional para calquera trámite electrónico coa Administración nos termos establecidos polas leis procesuais.

Para tal efecto, o Consello Xeral ou o superior correspondente deberá pór á disposición das oficinas xudiciais os protocolos e sistemas de interconexión que permitan o acceso necesario por medios electrónicos ao rexistro de profesionais colexiados exercentes, previsto no artigo 10 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre os colexios profesionais, garantindo que nel consten os seus datos profesionais, tales como número de colexiado, domicilio profesional, número de teléfono e de fax e enderezo de correo electrónico.

e) Á garantía da seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións da Administración de xustiza nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

3. Os profesionais da xustiza, nos termos previstos nesta lei, teñen o deber de utilizar os medios electrónicos, as aplicacións ou os sistemas establecidos polas administracións competentes en materia de xustiza, respectando en todo caso as garantías e requisitos previstos no procedemento de que se trate.

Artigo 7. Prestación de servizos e disposición de medios e instrumentos electrónicos

As administracións competentes en materia de xustiza asegurarán o acceso dos profesionais aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito a través de puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes xudiciais electrónicas creadas e xestionadas por aquelas e dispoñibles para os profesionais a través de redes de comunicación, para as súas relacións coa Administración de xustiza, nos termos previstos nesta lei.

CAPÍTULO III. Utilización obrigatoria dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos electrónicos xudiciais

Artigo 8. Uso obrigatorio de medios e instrumentos electrónicos

Os sistemas informáticos postos ao servizo da Administración de xustiza serán de uso obrigatorio no desenvolvemento da actividade dos órganos e oficinas xudiciais e das fiscalías por parte de todos os integrantes destas, conforme os criterios e instrucións de uso que diten, no ámbito das súas competencias, o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as administracións competentes, así como os protocolos de actuación aprobados polos secretarios de goberno.

TÍTULO III. RÉXIME XURÍDICO DA ADMINISTRACIÓN XUDICIAL ELECTRÓNICA

CAPÍTULO I. Da sede xudicial electrónica

Artigo 9. Sede xudicial electrónica

1. A sede xudicial electrónica é aquel enderezo electrónico dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a cada unha das administracións competentes en materia de xustiza.

2. As sedes xudiciais electrónicas crearanse mediante disposición publicada no *Boletín Oficial do Estado* ou no boletín oficial da comunidade autónoma correspondente e terán, polo menos, os seguintes contidos:

a) Identificación do enderezo electrónico de referencia da sede que inclúa o nome do dominio que lle outorgue a Administración competente.

b) Identificación do seu titular, así como do órgano ou órganos administrativos encargados da xestión e dos servizos postos á disposición dos cidadáns e profesionais nela.

c) Identificación das canles de acceso aos servizos dispoñibles na sede, con expresión, se for o caso, dos teléfonos e oficinas a través dos cales tamén se pode acceder a elas.

d) Canles dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas con respecto ao servizo que presta a sede.

3. O establecemento dunha sede xudicial electrónica comporta a responsabilidade do titular de garantir a integridade e actualización da información facilitada, así como o acceso aos servizos previstos nela.

4. As administracións competentes en materia de xustiza determinarán as condicións e instrumentos de creación das sedes xudiciais electrónicas, con suxeición aos principios de publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

5. A publicación nas sedes xudiciais electrónicas de informacións, servizos e transaccións respectará os estándares abertos e, de ser o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

Artigo 10. Características das sedes xudiciais electrónicas e as súas clases

1. Realizaranse a través de sedes xudiciais electrónicas todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación da Administración de xustiza ou dos cidadáns e profesionais por medios electrónicos.

2. As sedes xudiciais electrónicas disporán de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.

3. Poderanse crear unha ou varias sedes xudiciais electrónicas derivadas dunha sede xudicial electrónica. As sedes xudiciais electrónicas derivadas, ou subsedes, deberán resultar accesibles desde o enderezo electrónico da sede principal, sen prexuízo de que sexa posible o acceso electrónico directo.

4. A Administración competente creará unha sede xudicial electrónica derivada para cada un dos servizos de recepción de escritos, rexistro e repartición de asuntos existentes, en función da súa organización, e cuxos contidos serán xestionados polo propio servizo.

No caso de que exista un único servizo de recepción de escritos, rexistro e repartición, a sede xudicial electrónica asumirá as funcións das subsedes.

5. Igualmente, a Administración competente creará unha sede xudicial electrónica derivada en cada unha das oficinas fiscais que teñan servizo de rexistro e repartición.

6. As sedes xudiciais electrónicas derivadas crearanse por disposición do órgano administrativo que teña atribuída esta competencia e deberán cumprir os mesmos requisitos de publicidade que as sedes xudiciais electrónicas principais. Cando os servizos de recepción de escritos, rexistro e repartición de asuntos non sexan creados cunha sede ou subsede xudicial electrónica, deberán recibir a mesma publicidade ca estas.

Artigo 11. Contido e servizos das sedes xudiciais electrónicas

1. Toda sede xudicial electrónica disporá, cando menos, dos seguintes contidos:

a) Identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión, dos servizos postos á disposición nela e, de ser o caso, das subsedes dela derivadas.

b) Información necesaria para a súa utilización correcta, incluíndo o mapa da sede xudicial electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.

c) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.

d) Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme o previsto nesta lei, sexan admitidos ou utilizados na sede.

e) Normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.

f) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal, incluíndo un enlace coa sede electrónica da Axencia Española de Protección de Datos e as das axencias autonómicas de protección de datos.

2. As sedes xudiciais electrónicas disporán, polo menos, dos seguintes servizos á disposición dos cidadáns e profesionais:

a) A relación dos servizos dispoñibles na sede xudicial electrónica.

b) A carta de servizos e a carta de servizos electrónicos.

c) A relación dos medios electrónicos que os cidadáns e profesionais poden utilizar en cada suposto no exercicio do seu dereito a comunicarse coa Administración de xustiza.

d) Un enlace para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos correspondentes.

e) Acceso, nos termos legalmente establecidos, ao estado de tramitación do expediente.

f) Publicación electrónica, cando proceda, de resolucións e comunicacións que deban publicarse en taboleiro de anuncios ou edictos.

g) Verificación dos selos electrónicos dos órganos ou organismos públicos que abrangan a sede.

h) Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abrangue a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

i) Servizos de asesoramento electrónico ao usuario para a utilización correcta da sede.

j) A Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza.

3. Non será necesario recoller nas subsedes a información e os servizos a que se refiren as alíneas anteriores cando xa figuren na sede da cal aquelas derivan.

4. A sede xudicial electrónica garantirá o réxime de cooficialidade lingüística vixente no seu territorio.

Artigo 12. Regras especiais de responsabilidade

1. O órgano que orixine a información que se deba incluír na sede xudicial electrónica será o responsable da veracidade e integridade do seu contido.

2. A sede xudicial electrónica establecerá os medios necesarios para que o cidadán coñeza se a información ou servizo a que accede corresponde á propia sede ou a un punto de acceso que non ten o carácter de sede ou a un terceiro.

Artigo 13. Punto de acceso xeral da Administración de xustiza

1. O punto de acceso xeral da Administración de xustiza conterá o directorio das sedes xudiciais electrónicas que, neste ámbito, faciliten o acceso aos servizos, procedementos e informacións accesibles correspondentes á Administración de xustiza, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á Fiscalía Xeral do Estado e aos organismos públicos vinculados ou dependentes desta, así como ás administracións con competencias en materia de xustiza. Tamén poderá proporcionar acceso a servizos ou informacións correspondentes a outras administracións públicas ou corporacións que representen os intereses

dos profesionais da xustiza, mediante a subscrición dos convenios correspondentes.

2. O punto de acceso xeral será creado e xestionado polo Ministerio de Xustiza, conforme os acordos que se adopten no Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, para asegurar a completa e exacta incorporación da información e accesos publicados nel.

CAPÍTULO II. Da identificación e autenticación

Sección 1ª. Disposicións comúns

Artigo 14. Formas de identificación e autenticación

1. A Administración de xustiza admitirá, nas súas relacións por medios electrónicos, sistemas de sinatura electrónica, que sexan conformes co establecido na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e resulten adecuados para garantir a identificación dos asinantes e, de ser o caso, a autenticidade e integridade dos documentos electrónicos.

2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 4 e 6 desta lei e en todo caso con suxeición estrita ao disposto polas leis procesuais, os cidadáns e mais os profesionais do ámbito da xustiza poderán utilizar os seguintes sistemas de sinatura electrónica para se relacionaren coa Administración de xustiza:

a) Os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade, para persoas físicas.

b) Sistemas de sinatura electrónica avanzada, incluíndo os baseados en certificado electrónico recoñecido, admitidos polas administracións públicas.

c) Outros sistemas de sinatura electrónica, como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas as partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

3. A Administración de xustiza poderá utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produza:

a) Sistemas de sinatura electrónica baseados na utilización de certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente que permita identificar a sede xudicial electrónica e o establecemento con ela de comunicacións seguras.

b) Sistemas de sinatura electrónica para a actuación xudicial automatizada.

c) Sinatura electrónica do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

d) Sistemas de intercambio electrónico de datos en ámbitos pechados de comunicación, conforme o que especificamente se conviñese.

Artigo 15. Identificación das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica e autenticación da súa actuación

As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas de sinatura electrónica de persoa xurídica ou de entidades sen personalidade xurídica para todos aqueles procedementos e actuacións ante a Administración de xustiza nos termos establecidos nas leis procesuais.

Artigo 16. Réxime de uso da sinatura electrónica

1. O uso da sinatura electrónica non exclúe a obriga de incluír no documento ou comunicación electrónica os datos de identificación que sexan necesarios de acordo coa lexislación aplicable.

2. Os órganos da Administración de xustiza ou organismos públicos vinculados ou dependentes poderán tratar os datos persoais consignados, para os únicos efectos da verificación da sinatura.

Artigo 17. Réxime de substitución e habilitación entre profesionais

O réxime de acceso aos servizos electrónicos no ámbito da Administración de xustiza para os supostos de substitución entre profesionais, así como para a

habilitación dos seus empregados, será regulado pola respectiva Administración competente mediante disposicións regulamentarias.

Sección 2ª. Identificación electrónica dos órganos xudiciais e autenticación do exercicio da súa competencia

Artigo 18. Identificación das sedes xudiciais electrónicas

1. As sedes xudiciais electrónicas utilizarán, para identificárense e garantiren unha comunicación segura con elas, sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente.
2. Os enderezos electrónicos da Administración de xustiza e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela que teñan a condición de sedes xudiciais electrónicas deberano facer constar de forma visible e inequívoca.
3. O instrumento de creación da sede xudicial electrónica será accesible directamente ou mediante enlace á súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* ou no da comunidade autónoma correspondente.
4. Os sistemas de información que soporten as sedes xudiciais electrónicas deberán asegurar a confidencialidade, dispoñibilidade e integridade das informacións que manexan.

O Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade establecerá as previsións necesarias para iso, no marco da colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Fiscalía Xeral do Estado e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza.

Artigo 19. Sistemas de sinatura electrónica para a actuación xudicial automatizada

1. Para a identificación e a autenticación do exercicio da competencia na actuación xudicial automatizada, a Administración competente facilitaralle a cada unha das oficinas xudiciais do ámbito da súa competencia os seguintes sistemas de sinatura electrónica:

a) Selo electrónico da oficina xudicial baseado en certificado electrónico que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado a cada oficina xudicial, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede xudicial electrónica correspondente.

2. Os certificados electrónicos a que se fai referencia na letra a) do número 1 incluírán a denominación correspondente e poderán conter a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de oficina xudicial.

3. A relación de selos electrónicos utilizados pola Administración de xustiza, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos. Ademais, cada Administración competente adoptará as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos.

Artigo 20. Sistemas de sinatura electrónica mediante selo electrónico

1. A creación de selos electrónicos realizarase mediante resolución da autoridade competente, que se publicará na sede xudicial electrónica correspondente e na cal deberá constar:

a) Organismo ou órgano titular do selo, que será o responsable da súa utilización, con indicación da súa adscrición na Administración de xustiza ou organismo público dependente desta.

b) Características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificado aplicable.

c) Servizo de validación para a verificación do certificado.

d) Actuacións e documentos en que poderá ser utilizado.

2. Os certificados de selo electrónico terán, polo menos, os seguintes contidos:

a) Descrición do tipo de certificado, coa denominación «selo electrónico».

b) Nome do subscritor.

c) Número de identificación xudicial.

3. O modo de emitir os certificados electrónicos de selo electrónico e os seus contidos definiranse no Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

Artigo 21. Sinatura electrónica de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais, avogados do Estado e funcionarios ao servizo da Administración de xustiza e outros entes públicos

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 9 e 10 sobre a sede xudicial electrónica, a identificación e autenticación do exercicio da competencia da oficina xudicial actuante, cando utilice medios electrónicos, realizarase mediante sinatura electrónica do persoal ao seu servizo, de acordo co disposto nos seguintes números.

2. As administracións, no ámbito das súas competencias, proverán os secretarios xudiciais, fiscais, forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza de sistemas de sinatura electrónica, os cales poderán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo e o cargo e identificar tamén a oficina ou órgano xudicial en que presta os seus servizos.

O Ministerio de Xustiza facilitaralles ás administracións competentes datos actualizados dos fiscais e secretarios xudiciais co fin de dotalos de sinatura electrónica.

3. Os sistemas de sinatura electrónica de xuíces e maxistrados serán os que provexa o Consello Xeral do Poder Xudicial. Este poderá establecer, a través de convenios, que o provedor sexa a Administración competente.

4. As administracións, no ámbito das súas competencias, dotarán de sistemas de sinatura electrónica os representantes procesuais do Estado e demais entes públicos a que se refire o artigo 551 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Sección 3ª. Da interoperabilidade e da acreditación e representación dos cidadáns

Artigo 22. Interoperabilidade da identificación e autenticación por medio de certificados electrónicos

1. Os certificados electrónicos recoñecidos emitidos por prestadores de servizos de certificación serán admitidos pola Administración de xustiza como válidos nas relacións con ela, sempre e cando o prestador de servizos de certificación poña á disposición das administracións competentes en materia de xustiza a información que se precise en condicións que resulten tecnoloxicamente viables, baixo principios de recoñecemento mutuo e reciprocidade e sen que supoña ningún custo para aquelas.

2. As administracións competentes disporán de acceso, polo menos, a algunha plataforma de verificación do estado de revogación de todos os certificados admitidos no ámbito da Administración de xustiza, que será de libre acceso por parte de todos os órganos xudiciais.

Artigo 23. Identificación e autenticación dos cidadáns por funcionario público

1. Nos supostos en que para a realización de calquera actuación por medios electrónicos se requira a identificación ou autenticación do cidadán mediante algún instrumento dos previstos no artigo 14 dos que aquel non dispoña, tal identificación ou autenticación será validamente realizada por un funcionario mediante o uso do sistema de sinatura electrónica de que estea dotado.

2. Para a eficacia do disposto no número anterior, o cidadán deberá identificarse e prestar o seu consentimento expreso, e deberá quedar constancia disto para os casos de discrepancia ou litixio.

Artigo 24. Intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación

1. Os documentos electrónicos transmitidos en contornos pechados de comunicacións establecidos entre administracións con competencias en materia de xustiza, órganos e entidades de dereito público serán considerados

válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas no presente artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen á Administración de xustiza, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica determinará as condicións e garantías polas que se rexerán, que polo menos comprenderán a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se vaian intercambiar.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións ou a entidades de dereito público, as condicións e garantías citadas no número anterior estableceranse mediante convenio.

4. En todo caso, deberá garantirse a seguridade do contorno pechado de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan.

TÍTULO IV. DA TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA DOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS

CAPÍTULO I. Disposicións comúns

Artigo 25. Criterios para a xestión electrónica

1. A xestión electrónica da actividade xudicial respectará o cumprimento dos requisitos formais e materiais establecidos nas normas procesuais. Para estes efectos impulsarase a aplicación de medios electrónicos aos procesos de traballo e á xestión dos procedementos e da actuación xudicial.

2. A aplicación de medios electrónicos á xestión dos procedementos, procesos e servizos irá sempre precedida da realización polo Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica dunha análise de redeseño funcional e simplificación do procedemento, proceso ou servizo, no cal se considerarán especialmente os seguintes aspectos:

a) A posible supresión ou redución da documentación requirida aos cidadáns, mediante a súa substitución por datos, transmisións de datos ou certificacións.

b) A redución dos tempos na tramitación dos procedementos.

c) A racionalización da distribución das cargas de traballo e das comunicacións internas e a introdución de indicadores de xestión.

CAPÍTULO II. Do expediente xudicial electrónico

Artigo 26. Expediente xudicial electrónico

1. O expediente xudicial electrónico é o conxunto de datos, documentos, trámites e actuacións electrónicas, así como de gravacións audiovisuais correspondentes a un procedemento xudicial, calquera que sexa o tipo de información que conteña e o formato en que se xerasen.

2. Asignaráselles un número de identificación xeral a aqueles documentos que poidan xerar un novo procedemento, que será único e inalterable ao longo de todo o proceso e que permitirá a súa identificación unívoca por calquera órgano do ámbito xudicial nun contorno de intercambio de datos.

3. A paxinación dos expedientes xudiciais electrónicos levarase a cabo mediante un índice electrónico, asinado pola oficina xudicial actuante, segundo proceda. Este índice garantirá a integridade do expediente xudicial electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso, polo que será admisible que un mesmo documento forme parte de distintos expedientes xudiciais electrónicos.

4. A remisión de expedientes substituirase para todos os efectos legais pola posta á disposición do expediente xudicial electrónico, e terán dereito a obter copia electrónica deste todos aqueles que o teñan conforme o disposto nas normas procesuais.

- Modificado o número 1 pola disposición derogatoria 7.1 da Lei 42/2015, do 5 de outubro.

Artigo 27. Documento xudicial electrónico

1. Consideraranse documentos xudiciais electrónicos as resolucións e actuacións que se xeren nos sistemas de xestión procesual, así como toda

información que teña acceso doutra forma ao expediente, cando incorporen datos asinados electronicamente na forma prevista na sección 2ª do capítulo II do título III desta lei.

2. As administracións competentes, na súa relación de prestadores de servizos de certificación electrónica, especificarán aqueles que, con carácter xeral, estean admitidos para prestar servizos de selaxe de tempo.

3. Considerarase documento público o documento electrónico que inclúa a data electrónica e que incorpore a sinatura electrónica recoñecida do secretario xudicial, sempre que actúe no ámbito das súas competencias, conforme o disposto nas leis procesuais.

Artigo 28. Copias electrónicas

1. As copias realizadas por medios electrónicos de documentos electrónicos emitidos polo propio interesado ou polas oficinas xudiciais, manteñan ou non o formato orixinal, consideraranse inmediatamente copias auténticas coa eficacia prevista nas leis procesuais, sempre que o documento electrónico orixinal se encontre en poder da oficina xudicial onde fose orixinado ou incorporado e que a información de sinatura electrónica e, de ser o caso, de selaxe de tempo permitan comprobar a coincidencia co devandito documento.

De alterarse o formato orixinal, deberá incluírse nos metadatos a condición de copia.

2. As copias realizadas polas oficinas xudiciais, utilizando medios electrónicos, de documentos emitidos orixinalmente por elas en soporte papel consideraranse copias auténticas.

3. As oficinas xudiciais poderán obter imaxes electrónicas dos documentos privados achegados polos cidadáns, coa súa mesma validez e eficacia, a través de procesos de dixitalización que garantan a súa autenticidade e integridade e a conservación do documento imaxe, do cal se deixará constancia. Esta obtención poderase facer de forma automatizada, mediante o selo electrónico correspondente.

4. Aos documentos emitidos orixinalmente en soporte papel, dos cales se efectuasen copias electrónicas de acordo co disposto neste artigo, daráselles o destino previsto na normativa vixente en materia de arquivos xudiciais.

5. As copias realizadas en soporte papel de documentos xudiciais electrónicos e asinados electronicamente polo secretario xudicial consideranse copias auténticas, sempre que inclúan a impresión dun código seguro de verificación que permita contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos da oficina xudicial emisora.

Artigo 29. Arquivo electrónico de documentos

1. Poderanse almacenar por medios electrónicos todos os documentos utilizados nas actuacións xudiciais.

Os arquivos xudiciais de xestión, territoriais e central, serán xestionados mediante programas e aplicacións informáticas, compatibles cos xa existentes en xulgados e tribunais, adaptados ás funcións e labores de cada un, cuxo funcionamento electrónico será regulado mediante real decreto.

2. Os documentos electrónicos que conteñan actos procesuais que afecten dereitos ou intereses dos particulares deberanse conservar en soportes desta natureza, xa sexa no mesmo formato a partir do cal se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e integridade da información necesaria para reproducilo. Asegurarase en todo caso a posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.

3. Os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade que garantan a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados e axustarse aos requirimentos que garantan a compatibilidade e interoperabilidade dos sistemas informáticos. En particular, asegurarán a identificación dos usuarios e o control de accesos, o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos, así como o previsto

nos artigos 234 e 235 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

4. Sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Consello Xeral do Poder Xudicial regulará a reutilización de sentenzas e outras resolucións xudiciais regulamentariamente por medios dixitais de referencia ou reenvío de información, sexa ou non con fins comerciais, por parte de persoas físicas ou xurídicas para facilitar o acceso a elas de terceiras persoas.

CAPÍTULO III. Do rexistro de escritos, das comunicacións e das notificacións electrónicas

Sección 1ª. Do rexistro de escritos

Artigo 30. Rexistro xudicial electrónico

1. As administracións competentes dotarán as oficinas xudiciais con funcións de rexistro dos medios electrónicos adecuados para a recepción e rexistro de escritos e documentos, traslado de copias, realización de actos de comunicación e expedición de resgardos electrónicos a través de medios de transmisión seguros, entre os cales se incluírán os sistemas de sinatura e selaxe de tempo electrónicos recoñecidos.

2. Os rexistros xudiciais electrónicos creados nas condicións do número anterior corresponderanse coa subsede xudicial electrónica.

3. Nestes rexistros xudiciais electrónicos unicamente se admitirán escritos e documentos dirixidos ás oficinas xudiciais dependentes del, conforme o establecido no artigo 230 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica e nas leis procesuais.

4. A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións poderá interromperse polo tempo imprescindible só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo. A interrupción deberalles ser anunciada aos

potenciais usuarios do rexistro electrónico coa antelación que, en cada caso, resulte posible.

En supostos de interrupción non planificada no funcionamento do rexistro electrónico, e sempre que sexa posible, disporanse as medidas para que o usuario resulte informado desta circunstancia, así como dos efectos da suspensión, con indicación expresa, se for o caso, da prórroga dos prazos de inminente vencemento. Alternativamente, poderase establecer un redireccionamento que permita utilizar un rexistro electrónico en substitución daquel en que se producise a interrupción.

Artigo 31. Funcionamento

1. Os rexistros electrónicos emitirán automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada do escrito, documento ou comunicación de que se trate, e incluirán a data e hora de presentación e o número de entrada de rexistro.

2. Os documentos que se xunten co correspondente escrito ou comunicación deberán cumprir os estándares de formato e requisitos de seguridade que se determinen no marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica. Os rexistros electrónicos xerarán recibos acreditativos da entrega destes documentos que garantan a integridade e o non repudio dos documentos achegados, así como a data e hora de presentación e o número de rexistro de entrada na sede xudicial electrónica correspondente.

Artigo 32. Cómputo de prazos

1. Os rexistros electrónicos rexeranse para os efectos de cómputo dos prazos imputables tanto aos interesados como ás oficinas xudiciais pola data e hora oficial da sede xudicial electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

2. Os rexistros electrónicos permitirán a presentación de escritos, documentos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

3. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles ou naturais, e no que se refire a cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil para efectos procesuais conforme a lei entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte, salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.

4. O inicio do cómputo dos prazos que deban cumprir as oficinas xudiciais virá determinado pola data e hora de presentación no propio rexistro.

5. Cada sede xudicial electrónica en que estea dispoñible un rexistro electrónico determinará, atendendo ao ámbito territorial en que exerce as súas competencias o titular daquela, os días que se considerarán inhábiles para os efectos dos números anteriores.

Artigo 32 bis. Archivos electrónicos de poderes *apud acta*

1. Así mesmo, dispoñerase nas oficinas xudiciais con funcións de rexistro dun arquivo electrónico de poderes no que se deberán inscribir os poderes *apud acta*, outorgados presencial ou electronicamente por quen exerza a condición de interesado nun procedemento xudicial a favor de representante, para actuar no seu nome ante a Administración de xustiza.

Iso non impedirá a existencia de arquivos electrónicos de poderes *apud acta* en cada oficina xudicial para a realización dos trámites específicos en cada unha.

2. Os arquivos electrónicos de poderes *apud acta* deberán ser plenamente interoperables entre si, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática das solicitudes, escritos e comunicacións que se rexistren nos seus arquivos correspondentes.

Os arquivos electrónicos de poderes *apud acta* permitirán comprobar validamente a representación que exerza quen actúe ante a Administración de xustiza no nome dun terceiro.

3. Os asentamentos que se realicen nos arquivos electrónicos de poderes *apud acta* deberán conter, cando menos, a seguinte información:

a) Nome e apelidos ou razón social, número de documento nacional de identidade, de identificación fiscal ou de documento equivalente do mandante.

b) Nome e apelidos ou razón social, número de documento nacional de identidade, de identificación fiscal ou de documento equivalente do apoderado.

c) Data de inscrición.

d) Tipo de poder segundo as facultades que outorgue.

4. Os poderes *apud acta* que se inscriban nos arquivos electrónicos de poderes *apud acta* deberán corresponder a algunha das seguintes tipoloxías:

a) Un poder xeral para que o apoderado poida actuar no nome do mandante en calquera actuación xudicial.

b) Un poder para que o apoderado poida actuar no nome do mandante unicamente en determinadas clases de procedementos.

c) Un poder especial para que o apoderado poida actuar no nome do mandante nun procedemento concreto.

5. O poder inscritable en que a parte lle outorgue a súa representación ao apoderado terá que ser conferido por comparecencia *apud acta*.

O poder *apud acta* outorgarase mediante comparecencia electrónica na sede electrónica xudicial correspondente usando os sistemas de sinatura electrónica previstos nesta lei, ou ben mediante comparecencia persoal perante o letrado xudicial de calquera oficina xudicial.

6. Os poderes inscritos no arquivo terán unha validez determinada máxima de cinco anos contados desde a fecha de inscrición. En todo caso, en calquera momento antes da finalización do dito prazo o mandante poderá revogar ou prorrogar o poder. As prórrogas outorgadas polo mandante ao poder terán unha validez determinada, máxima de cinco anos, contados desde a data de inscrición.

7. As solicitudes de revogación, de prórroga ou de denuncia deste poderán dirixirse a calquera arquivo, polo que deberá quedar inscrita esta circunstancia no arquivo ante o que teña efectos o poder e producirá efectos desde a data en que se produza a dita inscrición.

- Engadido pola disposición derradeira 7.2 da Lei 42/2015, do 5 de outubro. En vigor a partir do 01/01/2017.

Sección 2ª. Das comunicacións e das notificacións electrónicas

Artigo 33. Comunicacións electrónicas

1. Os cidadáns poderán elixir en todo momento a maneira de comunicárense coa Administración de xustiza, sexa ou non por medios electrónicos.

Así mesmo, poderase establecer legal ou regulamentariamente a obrigatoriedade de comunicarse con ela utilizando só medios electrónicos cando se trate de persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

2. As comunicacións a través de medios electrónicos realizaranse, en todo caso, con suxeición ao disposto na lexislación procesual e serán válidas sempre que exista constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións, e se identifique coa autenticación que sexa exhibible ao seu remitente e ao seu destinatario.

3. As administracións competentes en materia de xustiza publicarán, no diario oficial correspondente e na propia sede xudicial electrónica, aqueles medios electrónicos que os cidadáns poden utilizar en cada suposto no exercicio do seu dereito a se comunicaren coas oficinas xudiciais.

4. Os requisitos de seguridade e integridade das comunicacións estableceranse en cada caso de forma apropiada ao carácter dos datos obxecto daquelas, de acordo con criterios de proporcionalidade, conforme o

disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e nas leis procesuais.

5. Os profesionais da xustiza deberán realizar as súas comunicacións por medios electrónicos cando tecnicamente estean dispoñibles.

6. As oficinas xudiciais utilizarán en todo caso medios electrónicos nas súas comunicacións con outras administracións e organismos públicos, salvo imposibilidade legal ou material.

- Modificado o número 1 pola disposición derradeira 7.3 da Lei 42/2015, do 5 de outubro.

Artigo 34. Práctica de actos de comunicación por medios electrónicos

1. O sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a saída e as da posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como de acceso ao seu contido.

2. No caso de que o acto de comunicación non se poida levar a cabo por medios electrónicos, imprimírase a resolución e a documentación necesaria e realizárase o acto de comunicación na forma establecida nas leis procesuais, e, a continuación, incorporárase o documento acreditativo de efectuar o acto de comunicación, debidamente dixitalizado, ao expediente xudicial electrónico. En todo caso, o destinatario do acto de comunicación terá dereito a obter copia da documentación recibida en formato electrónico.

Artigo 35. Comunicación edictal electrónica

A publicación de resolucións e comunicacións que por disposición legal deban fixarse en taboleiro de anuncios será substituída pola súa publicación na sede ou subsede xudicial electrónica.

CAPÍTULO IV. Da tramitación electrónica

Artigo 36. Iniciación do procedemento por medios electrónicos

1. A iniciación dun procedemento xudicial por medios electrónicos polos cidadáns, naqueles xuízos en que poden comparecer de forma persoal e directa por non ser preceptiva a asistencia letrada nin a representación por procurador conforme o establecido nas normas de procedemento, requirirá a posta á disposición dos interesados dos modelos correspondentes ou impresos normalizados na sede xudicial electrónica, que deberán ser accesibles sen outras restricións tecnolóxicas que as estritamente derivadas da utilización de estándares e criterios de comunicación e seguridade aplicables de acordo coas normas e protocolos nacionais e internacionais.

2. En todo caso, cando os escritos foren presentados en papel polas persoas a que se refire o punto primeiro deste artigo, serán dixitalizados pola sección correspondente do servizo común procesual que teña atribuídas esas funcións.

3. Os profesionais da xustiza presentarán as súas demandas e outros escritos por vía telemática a través dos sistemas previstos nesta lei, empregando sinatura electrónica recoñecida.

4. Todo escrito iniciador do procedemento deberá ir acompañado dun formulario normalizado debidamente cuberto nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 37. Tramitación do procedemento utilizando medios electrónicos

1. As aplicacións e sistemas de información utilizados para a xestión por medios electrónicos dos procedementos deberán garantir o control dos tempos e prazos, a identificación do órgano ou oficina responsable dos procedementos, así como a tramitación ordenada dos expedientes, e facilitar a simplificación e a publicidade dos procedementos.

2. Os sistemas de comunicación utilizados na xestión electrónica dos procedementos para as comunicacións entre as unidades intervenientes na tramitación das distintas fases do proceso deberán cumprir os requisitos establecidos nesta lei e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

3. Cando se utilicen medios electrónicos na xestión do procedemento, os actos de comunicación e notificación que deban efectuarse realizaranse conforme as disposicións contidas nos artigos 33 a 35 desta lei.

4. Os expedientes e demais actuacións que deban ser remitidos por outras administracións e organismos públicos deberán realizarse en todo caso por vía telemática a través da sede xudicial electrónica correspondente. O expediente administrativo electrónico deberá cumprir os requisitos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e deberá remitirse debidamente paxinado mediante un índice electrónico que permita a debida localización e consulta dos documentos incorporados.

Artigo 38. Presentación de escritos, documentos ou outros medios ou instrumentos

1. A presentación de toda clase de escritos, documentos, ditames, informes ou outros medios ou instrumentos axustarase ao disposto nas leis procesuais. Deberán ir acompañados en todo caso do formulario normalizado a que se refire o número 4 do artigo 36, no que, ademais, se consignará o tipo e número de expediente e ano a que se refira o escrito.

2. En todo caso, a presentación de escritos, documentos e outros medios ou instrumentos axustarase ás seguintes regras:

a) Os documentos en papel que, conforme o disposto nas leis procesuais, poidan ou deban ser achegados polas partes en calquera momento do procedemento, deberán ser incorporados como anexo ao documento principal mediante imaxe dixitalizada da copia, se foren públicos, ou do orixinal do documento que consta en papel, de se tratar de documentos privados. O arquivo da imaxe dixitalizada deberá ir asinado mediante a utilización dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta lei, nas leis procesuais ou noutras normas de desenvolvemento.

b) Os documentos electrónicos públicos ou privados incorporaranse como anexo ao documento principal, seguindo os sistemas previstos nesta lei ou nas

súas normas de desenvolvemento e conforme o previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

c) No caso de que foren impugnados pola parte contraria, procederase conforme o disposto nas leis procesuais e, de ser o caso, na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

d) Nos se admitirá a achega noutra forma, salvo no suposto de que, polas singularidades características do documento, o sistema non permita a súa incorporación como anexo para o seu envío por vía telemática. Nestes casos, o usuario faralle chegar a devandita documentación ao destinatario por outros medios na forma que establezan as normas procesuais, e deberá facer referencia aos datos identificativos do envío telemático ao cal non puido ser achegada, presentando o orixinal ante o órgano xudicial no día seguinte hábil a aquel en que se efectuase o envío telemático. Tales documentos serán depositados e custodiados por quen corresponda no arquivo, de xestión ou definitivo, da oficina xudicial, deixando constancia no expediente xudicial electrónico da súa existencia unicamente en formato papel.

Cando se deban incorporar documentos sobre os cales existan sospeitas de falsidade, deberá achegarse en todo caso, ademais, o documento orixinal, ao cal se lle dará o tratamento indicado no parágrafo anterior.

e) Nos casos en que deban achegarse ao procedemento medios ou instrumentos de proba, que pola súa propia natureza non sexan susceptibles de dixitalización, serán depositados e custodiados por quen corresponda no arquivo de xestión ou definitivo da oficina xudicial, e deixarase constancia no expediente xudicial electrónico da súa existencia.

Artigo 39. Traslado de copias

O traslado de copias por vía telemática realizarase de forma simultánea á presentación telemática de escritos e documentos ante o órgano ou oficina xudicial correspondente.

Artigo 40. Acreditación da representación procesual

1. Achegarase copia electrónica do poder notarial de representación conferido ao procurador. No caso de impugnación, o secretario xudicial comprobará o poder a través da Axencia Notarial de Certificación.

2. A representación outorgada por comparecencia *apud acta* ante secretario xudicial acreditarase achegando unha copia electrónica desta ou mediante indicación do número, data e secretario xudicial ante o cal se outorgou.

3. O poder poderá igualmente acreditarse mediante a certificación da súa inscrición no arquivo electrónico de poderes *apud acta* das oficinas xudiciais.

- Engadido o número 3 pola disposición derogatoria 7.4 da Lei 42/2015, do 5 de outubro. En vigor a partir do 01/01/2017.

Artigo 41. Acceso das partes á información sobre o estado de tramitación

Porase á disposición das partes un servizo electrónico de acceso restrinxido onde estas poidan consultar, logo da identificación e autenticación, polo menos a información sobre o estado de tramitación do procedemento, salvo que a normativa aplicable estableza restricións á dita información e con pleno respecto ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e lexislación que a desenvolve.

A información sobre o estado de tramitación do procedemento comprenderá a relación dos actos de trámite realizados, con indicación sobre o seu contido, así como a data en que foron ditados.

Artigo 42. Actuación xudicial automatizada

En caso de actuación automatizada, deberá ser establecida previamente polo Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, de ser o caso, a auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

Os sistemas incluirán os indicadores de xestión que sexan establecidos pola Comisión Nacional de Estatística Xudicial e o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, cada un no ámbito das súas competencias.

Artigo 43. Saneamento de actos procesuais

1. O incumprimento do deber de uso das tecnoloxías, nos termos establecidos nesta lei, por un profesional da xustiza na súa primeira comunicación cun órgano xudicial poderá ser saneado. Para estes efectos, o órgano xudicial concederá un prazo máximo de cinco días, co apercibimento de que todas as súas actuacións ante ese órgano, nese ou en calquera outro proceso, así como ante calquera outro órgano do mesmo partido xudicial, deberán realizarse empregando medios electrónicos e conforme esta lei.

2. De non se efectuar o saneamento no prazo sinalado no número anterior, non se admitirá a actuación que se tratase de realizar.

3. Non será preciso o requirimento a que se refire o número 1 deste artigo cando o profesional fose requirido en tal sentido por calquera outro órgano xudicial do mesmo partido xudicial, e rexeitarase sen máis trámites calquera actuación que se trate de efectuar por medios distintos aos previstos nesta lei.

- Modificado o número 1 pola disposición derradeira 7.5 da Lei 42/2015, do 5 de outubro.

TÍTULO V. COOPERACIÓN ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS CON COMPETENCIAS EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA. O ESQUEMA XUDICIAL DE INTEROPERABILIDADE E SEGURIDADE

CAPÍTULO I. Marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica

Artigo 44. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica

1. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica estará integrado por unha representación do Ministerio de Xustiza e de cada unha das comunidades autónomas con competencias na materia e polos representantes que para o efecto poderán designar o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado.

Este comité técnico estará copresidido por un representante do Consello Xeral do Poder Xudicial e outro do Ministerio de Xustiza.

2. Sen prexuízo das competencias do Consello Xeral do Poder Xudicial como garante da compatibilidade de sistemas informáticos, este comité terá as seguintes funcións:

a) Favorecer a compatibilidade e asegurar a interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados pola Administración de xustiza.

b) Preparar plans e programas conxuntos de actuación para impulsar o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica, respectando en todo caso as competencias autonómicas atinentes aos medios materiais da Administración de xustiza.

c) Promover a cooperación doutras administracións públicas coa Administración de xustiza para subministrarlles aos órganos xudiciais, a través das plataformas de interoperabilidade establecidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polas administracións competentes en materia de Administración de xustiza, a información que precisen no curso dun proceso xudicial nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e nas leis procesuais.

d) Aqueloutras que legalmente se determinen.

Artigo 45. Funcionamento integrado e conxunto de todas as aplicacións informáticas

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica fixará as bases para o desenvolvemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade de modo que permita, a través das plataformas tecnolóxicas necesarias, a interoperabilidade total de todas as aplicacións informáticas ao servizo da Administración de xustiza.

CAPÍTULO II. Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade

Sección 1ª. Interoperabilidade xudicial

Artigo 46. Interoperabilidade dos sistemas de información

1. A Administración de xustiza utilizará as tecnoloxías da información aplicando medidas informáticas, tecnolóxicas, organizativas e de seguridade que aseguren un adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántico-xurídica e organizativa entre todos os sistemas e aplicacións que lle prestan servizos á Administración de xustiza.

2. No desenvolvemento da actividade da oficina xudicial será obrigatorio o uso dos servizos e consultas ofrecidos a través das plataformas de interoperabilidade establecidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polas administracións competentes en materia de Administración de xustiza, salvo que existan razóns técnicas que impidan a súa utilización.

Os programas e aplicacións informáticos que se utilicen na Administración de xustiza deberán previamente ser aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, para os efectos de asegurar a súa compatibilidade coas funcións que lle encomenda o artigo 230.5 da Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 47. Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade

1. O Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade será aplicado na Administración de xustiza para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, rastrexabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados en medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.

2. O Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade abranguerá:

a) O conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación, normalización e descarga de datos da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas distintas institucións e administracións competentes para a toma de decisións tecnolóxicas que aseguren a interoperabilidade.

b) A política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito desta lei e o establecemento dos principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección adecuada da información.

3. Na súa elaboración terase en conta o establecido nos esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguridade, así como as recomendacións da Unión Europea, a situación tecnolóxica das diferentes administracións competentes en materia de xustiza e os servizos electrónicos e infraestruturas xa existentes. Para estes efectos utilizarán preferentemente estándares abertos, así como, de ser o caso e de forma complementaria, considerarán o uso de estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

Artigo 48. A interoperabilidade e a seguridade como calidades integrais

1. Tanto a interoperabilidade como a seguridade teranse presentes de forma integral desde a concepción dos servizos, sistemas e aplicacións ao longo do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, publicación, conservación e acceso ou interconexión con eles.

2. No caso da seguridade xudicial, entenderase como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais e organizativos relacionados co sistema, atendendo en todo caso á especial sensibilidade da información contida nos procedementos xudiciais electrónicos.

Artigo 49. Normas de conformidade

1. A interoperabilidade e a seguridade das sedes e rexistros xudiciais electrónicos, así como as do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos xudiciais, rexeranse polo establecido nesta lei.

2. A conformidade co Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade incluírase no ciclo de vida dos servizos e sistemas, acompañada dos correspondentes procedementos de control.

3. O Comité Técnico Estatal de Administración Xudicial Electrónica velará polo establecemento dos mecanismos de control para asegurar, de forma efectiva, o cumprimento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

4. Nas sedes xudiciais electrónicas correspondentes publicaranse as declaracións de conformidade, compatibilidade e outros posibles distintivos de interoperabilidade obtidos respecto ao cumprimento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

Artigo 50. Mellora continua do proceso de seguridade

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso, aplicaranse os criterios e métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión das tecnoloxías da información.

Artigo 51. Desenvolvemento do marco normativo técnico

Para o mellor cumprimento do establecido en relación co Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, no exercicio das súas competencias, elaborará e difundirá as correspondentes guías de interoperabilidade e seguridade das tecnoloxías da información e das comunicacións. O Consello Xeral do Poder Xudicial aprobará as guías cando afecten a compatibilidade dos sistemas informáticos nos termos previstos no artigo 230.5 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Artigo 52. Actualización permanente

1. O Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade deberase manter actualizado de maneira permanente. Desenvolverase e perfeccionarase ao longo do tempo en paralelo ao progreso dos servizos de administración electrónica, da evolución tecnolóxica e a medida que se vaian consolidando as infraestruturas que o apoian. Para iso, desenvolveranse as correspondentes guías e normas técnicas de aplicación.

2. Correspóndelle ao Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica aprobar as bases para a actualización do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

Sección 2ª. Seguridade Xudicial Electrónica

Artigo 53. Elementos básicos da seguridade xudicial electrónica

1. Nas decisións en materia de seguridade xudicial electrónica deberanse ter en conta os seguintes elementos:

a) A seguridade integral, desde o punto de vista dun proceso integral constituído polos elementos organizativos, normativos, humanos e técnicos relacionados co sistema.

b) A xestión de riscos, como proceso de garantía da seguridade da información.

c) A prevención, detección, reacción, corrección e recuperación como procesos soporte á seguridade da información.

d) Os niveis de seguridade, entendidos como capas de seguridade que permitan unha xestión de incidentes máis adecuada.

e) A reavaliación periódica das medidas de seguridade existentes para adecuar a súa eficacia á constante evolución de riscos, tecnoloxía e sistemas de protección.

f) A función diferenciada dentro da organización, establecendo unha estrutura organizativa onde se identifiquen as figuras de responsable da información, responsable de seguridade e responsable do servizo prestado.

2. Son dimensións da seguridade xudicial electrónica:

a) Autenticidade.

b) Confidencialidade.

- c) Integridade.
- d) Disponibilidade.
- e) Rastreabilidade.
- f) Conservación.

Artigo 54. Requisitos mínimos de seguridade

O Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade fixará os requisitos mínimos que todas as institucións xudiciais deberán garantir en relación cos sistemas de información dos que son responsables. Estes requisitos desenvolveranse mediante unha guía técnica.

CAPÍTULO III. Reutilización de aplicacións e transferencia de tecnoloxías.

Directorio xeral de información tecnolóxica xudicial

Artigo 55. Reutilización de sistemas, infraestruturas e aplicacións de propiedade das administracións de xustiza

1. As administracións titulares dos dereitos de propiedade intelectual de aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou cuxo desenvolvemento fose contratado, poderán ser pór á disposición de calquera institución xudicial ou calquera Administración pública sen contraprestación e sen necesidade de convenio.

2. As aplicacións a que se refire o número anterior poderán ser declaradas como de fontes abertas, cando diso derive unha maior transparencia no funcionamento da Administración de xustiza. Publicaranse, en tal caso, como licenza pública da Unión Europea, sen prexuízo doutras licenzas que aseguren que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.

d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios, sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

3. No desenvolvemento das solucións para a Administración de xustiza fomentárase a reutilización dos sistemas, servizos, infraestruturas e aplicacións existentes, sempre que os requisitos tecnolóxicos de interoperabilidade e seguridade así o permitan.

Artigo 56. Transferencia de tecnoloxía entre administracións. Directorio xeral de información tecnolóxica xudicial

1. O Ministerio de Xustiza manterá un directorio xeral de aplicacións xudiciais para a súa reutilización e impulsará o seu mantemento, en colaboración co resto de administracións competentes en materia de xustiza. Promoverase o desenvolvemento de guías técnicas, formatos e estándares comúns de especial interese para o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica no marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica.

2. As administracións manterán directorios actualizados de aplicacións para a súa libre reutilización, especialmente naqueles campos de especial interese para o desenvolvemento da administración electrónica e de conformidade co que ao respecto se estableza no marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica.

3. As institucións xudiciais deberán ter en conta as solucións dispoñibles para a libre reutilización que poidan satisfacer total ou parcialmente as necesidades dos novos sistemas e servizos ou a mellora e actualización dos xa implantados.

Disposición adicional primeira. Creación do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica

A estrutura, composición e funcións do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica serán establecidas regulamentariamente polo Goberno, mediante real decreto, logo do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado, da Axencia Española de

Protección de Datos e das comunidades autónomas con competencias na materia.

Disposición adicional segunda. Adaptación aos sistemas de administración electrónica

Para garantir a efectividade do dereito á tutela xudicial recoñecida no artigo 24 da Constitución, no prazo de cinco anos desde a entrada en vigor desta lei as administracións con competencia en materia de Administración de xustiza dotarán as oficinas xudiciais e fiscalías de sistemas de xestión procesual que permitan a tramitación electrónica dos procedementos.

Disposición adicional terceira. Interoperabilidade entre as aplicacións da Administración de xustiza

No prazo de catro anos desde a entrada en vigor desta lei, as administracións con competencia en materia de Administración de xustiza garantirán a interoperabilidade entre os sistemas ao servizo da Administración de xustiza, de acordo coas especificacións establecidas polo Comité Técnico Estatal de Administración Xudicial Electrónica no marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica.

Disposición adicional cuarta. Accesibilidade aos servizos electrónicos

As administracións con competencias en materia de xustiza garantirán que todos os cidadáns, con especial atención ás persoas maiores ou con algún tipo de discapacidade, que se relacionan coa Administración de xustiza poidan acceder aos servizos electrónicos en igualdade de condicións con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos. As características dos medios que permitan a universalización do acceso aos servizos electrónicos serán desenvolvidas regulamentariamente polo Goberno, mediante real decreto, logo do informe das comunidades autónomas con competencias na materia.

Disposición adicional quinta. Dotación de medios e instrumentos electrónicos

As administracións competentes en materia de xustiza dotarán todos os órganos, oficinas xudiciais e fiscalías dos medios e instrumentos electrónicos necesarios e suficientes para poder desenvolver a súa función eficientemente. Así mesmo, formarán os seus integrantes no uso e utilización dos ditos medios e instrumentos.

Disposición adicional sexta. Representantes procesuais do Estado e demais entes públicos

1. Para os efectos sinalados no artigo 24, e, en xeral, de aplicación desta lei á actuación procesual dos avogados do Estado, representantes procesuais do Estado e demais entes públicos a que se refire o artigo 551 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, subscribírase un protocolo de actuación.

2. As administracións competentes en materia de xustiza dotarán os órganos e oficinas dos representantes do Estado e demais entes públicos a que se refire o artigo 551 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial dos medios e instrumentos electrónicos necesarios e suficientes para poderen desenvolver a súa función eficientemente. Así mesmo, formarán os seus integrantes no uso e utilización dos ditos medios e instrumentos.

Disposición adicional sétima. Lexislación aplicable

Esta lei ten carácter transversal para todas as ordes xurisdicionais e complementará a lexislación vixente no concernente ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza.

Disposición adicional oitava. Lexislación aplicable en materia de interoperabilidade

No non previsto nesta lei, os criterios de interoperabilidade para as relacións entre a Administración de xustiza e as administracións públicas, así como as entidades suxeitas á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo recollido nesta última.

Disposición adicional novena. Aplicación da lei ao Ministerio Fiscal

As referencias contidas no texto e mais no articulado desta lei ás oficinas xudiciais, actividade xudicial, xulgados e tribunais, sede xudicial electrónica, órganos xudiciais, expediente xudicial electrónico, documento xudicial electrónico, rexistro xudicial electrónico e procedemento xudicial serán de aplicación equivalente e entenderanse referidas igualmente ás oficinas fiscais, actividade fiscal, fiscalías, sedes fiscais electrónicas, expedientes fiscais electrónicos, rexistros fiscais electrónicos e procedementos de calquera tipo que sexan realizados e tramitados polo Ministerio Fiscal.

Disposición adicional décima. Aplicación da lei no ámbito da xurisdición militar

As disposicións contidas nesta lei serán aplicables no ámbito da xurisdición militar, sen prexuízo das especialidades propias das súas normas reguladoras.

Disposición adicional décimo primeira. Declaración de requirimentos tecnolóxicos das reformas nas leis procesuais

Todo proxecto de lei que dispoña ou inclúa reformas nas leis procesuais poderá ir acompañado dunha declaración de requirimentos tecnolóxicos para a súa implantación correcta e aplicación.

Disposición adicional décimo segunda. Relacións de colaboración cos colexios de procuradores

Sen prexuízo do establecido nesta lei e, en especial, do disposto no capítulo III do seu título IV, as relacións de colaboración cos colexios de procuradores no desempeño das funcións que se lles encomendan para a organización dos servizos de notificacións e traslados de copias previas para con estes profesionais, de acordo co previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e na Lei de axuizamento civil, poderán ser obxecto do correspondente e oportuno desenvolvemento nun convenio que se subscribirá co Consello Xeral de Colexios de Procuradores de España, que recolla os

presupostos básicos da presente lei para a utilización das tecnoloxías da información nas súas relacións coa Administración de xustiza.

Disposición transitoria primeira. Coexistencia de procedementos

1. Durante o tempo en que coexistan procedementos tramitados en soporte papel con procedementos tramitados exclusivamente en formato electrónico, os servizos electrónicos de información do estado da tramitación a que se refire esta lei incluírán, respecto dos primeiros, polo menos a fase en que se encontra o procedemento e o órgano ou unidade responsable da súa tramitación.

2. Os rexistros electrónicos existentes no momento da entrada en vigor desta lei serán considerados rexistros xudiciais electrónicos e regúlanse polo disposto nos artigos 30, 31 e 32 desta lei.

Disposición transitoria segunda. Expediente electrónico con valor de copia simple

Se o estado da técnica non fixer posible remitir o expediente administrativo electrónico cos requisitos establecidos na súa normativa específica, conforme o sinalado no número 4 do artigo 37 desta lei, o dito expediente terá o valor de copia simple. Será admisible a remisión do expediente en formato papel se as condicións técnicas non permitiren a súa remisión telemática.

Disposición derradeira primeira. Título competencial

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo

Correspóndelles ao Goberno e ás comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. Regulación do uso dos sistemas de videoconferencia na Administración de xustiza

O Goberno presentará un proxecto de lei que regule de forma integral o uso dos sistemas de videoconferencia na Administración de xustiza.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2011

Juan Carlos R.

O presidente do Goberno

José Luis Rodríguez Zapatero

ANEXO

Definicións

Para os efectos desta lei, enténdese por:

- Actividade de servizo: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración

- Actuación xudicial automatizada: actuación xudicial producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade de intervención dunha persoa física en cada caso singular. Inclúe a produción de actos de

trámite ou resolutorios de procedementos, así como de meros actos de comunicación.

– Aplicación: programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o uso da informática.

– Aplicación de fontes abertas: aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias a outros usuarios.

– Autenticación: acreditación por medios electrónicos da identidade dunha persoa ou ente, do contido da vontade expresada nas súas operacións, transaccións e documentos e da integridade e autoría destes últimos.

– Autenticidade: propiedade ou característica consistente en que unha entidade é quen di ser ou ben que garante a fonte da que proceden os datos.

– Canles: estruturas ou medios de difusión dos contidos e servizos; inclúe a canle presencial, a telefónica e a electrónica, así como outras que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, TDT, etc.).

– Certificado electrónico: segundo o artigo 6 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade.

– Certificado electrónico recoñecido: segundo o artigo 11 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que preste.

– Confidencialidade: propiedade ou característica consistente en que a información nin se pon á disposición, nin se revela a individuos, entidades ou procesos non autorizados.

- Disponibilidade: propiedade ou característica dos activos consistente en que as entidades ou procesos autorizados teñen acceso a eles cando o requiren.
- Enderezo electrónico: identificador dun equipo ou sistema electrónico desde o cal se prové de información ou servizos nunha rede de comunicacións.
- Documento electrónico: información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.
- Espazos comúns ou portelos únicos: modos ou canles (oficinas integradas, atención telefónica, páxinas na internet e outros) aos cales os cidadáns se poden dirixir para acceder ás informacións, trámites e servizos públicos determinados por acordo entre varias administracións.
- Estándar aberto: aquel que reúna as seguintes condicións:

Que sexa público e que a súa utilización sexa dispoñible de xeito gratuíto ou a un custo que non supoña unha dificultade de acceso; que o seu uso e aplicación non estean condicionados ao pagamento dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.

- Sinatura electrónica: segundo o número 1 do artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación de quen asina.
- Sinatura electrónica avanzada: segundo o número 2 do artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, sinatura electrónica que permite identificar a persoa que asina e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada á persoa que asina de xeito único e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que a persoa que asina pode manter baixo o seu exclusivo control.
- Sinatura electrónica recoñecida: segundo o número 3 do artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, sinatura electrónica

avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.

– Índice electrónico: relación de documentos electrónicos dun expediente electrónico, asinada pola Administración, órgano ou entidade actuante, segundo proceda, e cuxa finalidade é garantir a integridade do expediente electrónico e permitir a súa recuperación sempre que sexa preciso.

–.Infraestruturas e servizos comúns: instrumentos operativos que facilitan o desenvolvemento e despregamento de novos servizos, así como a interoperabilidade dos existentes, creando escenarios de relación multilateral e que satisfán as necesidades comúns nos distintos ámbitos administrativos; son exemplos a Rede de comunicacións das administracións públicas españolas, a Rede transeuropea sTESTA e a plataforma de verificación de certificados electrónicos.

– Integridade: propiedade ou característica consistente en que o activo de información non foi alterado de maneira non autorizada.

– Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información, e, por tanto, dos procedementos a que estes dan soporte, de compartiren datos e posibilitaren o intercambio de información e coñecemento entre eles.

– Interoperabilidade organizativa: é aquela dimensión da interoperabilidade relativa á capacidade das entidades e dos procesos a través dos cales levan a cabo as súas actividades para colaborar co obxecto de alcanzaren logros mutuamente acordados relativos aos servizos que prestan.

– Interoperabilidade semántico-xurídica: é aquela dimensión da interoperabilidade relativa a que a información, no ámbito ou de carácter xudicial, intercambiada poida ser interpretable de forma automática e reutilizable por aplicacións que non interviñeron na súa creación.

– Interoperabilidade técnica: aquela dimensión da interoperabilidade relativa á relación entre sistemas e servizos de tecnoloxías da información, incluíndo aspectos tales como as interfaces, a interconexión, a integración de datos e

servizos, a presentación da información, a accesibilidade e a seguridade, ou outros de natureza análoga.

– Licenza pública da Unión Europea («European Union Public Licence-EUPL»): licenza adoptada oficialmente pola Comisión Europea nas vinte e tres linguas oficiais comunitarias para reforzar a interoperabilidade de carácter legal mediante un marco colectivo para a posta en común das aplicacións do sector público.

– Medidas de seguridade: conxunto de disposicións encamiñadas a protexerse dos riscos posibles sobre o sistema de información, co fin de asegurar os seus obxectivos de seguridade. Pode tratarse de medidas de prevención, de disuasión, de protección, de detección e reacción ou de recuperación.

– Medio electrónico: mecanismo, instalación, equipo ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións; incluíndo calquera das redes de comunicación abertas ou restrinxidas como internet, telefonía fixa e móbil ou outras.

– Metadato: dato que define e describe outros datos. Existen diferentes tipos de metadatos segundo a súa aplicación.

– Metadato de xestión de documentos: información estruturada ou semiestruturada que fai posible a creación, xestión e uso de documentos ao longo do tempo no contexto da súa creación. Os metadatos de xestión de documentos serven para identificar, autenticar e contextualizar documentos, e do mesmo modo as persoas, os procesos e os sistemas que os crean, xestionan, manteñen e utilizan.

– Prestador de actividade de servizo: calquera persoa física ou xurídica que ofrezca ou preste unha actividade de servizo.

– Punto de acceso electrónico: conxunto de páxinas web agrupadas nun dominio da internet cuxo obxectivo é ofrecerlle ao usuario, de forma doada e integrada, o acceso a unha serie de recursos e de servizos dirixidos a resolver

necesidades específicas dun grupo de persoas ou o acceso á información e servizos dunha institución pública.

– Requisitos mínimos de seguridade: exixencias necesarias para asegurar a información e os servizos.

– Sistema de sinatura electrónica: conxunto de elementos intervinientes na creación dunha sinatura electrónica. No caso da sinatura electrónica baseada en certificado electrónico, compoñen o sistema, polo menos, o certificado electrónico, o soporte, o lector, a aplicación de sinatura utilizada e o sistema de interpretación e verificación utilizado polo receptor do documento asinado.

–.Selaxe de tempo: acreditación a cargo dun terceiro de confianza da data e hora de realización de calquera operación ou transacción por medios electrónicos.

–.Selo de tempo: a asignación por medios electrónicos dunha data e hora a un documento electrónico coa intervención dun prestador de servizos de certificación que asegure a exactitude e integridade da marca de tempo do documento.

– Sistema de información: conxunto organizado de recursos para que a información se poida recoller, almacenar, procesar ou tratar, manter, usar, compartir, distribuír, pór á disposición, presentar ou transmitir.

– Rastrexabilidade: propiedade ou característica consistente en que as actuacións dunha entidade lle poden ser imputadas exclusivamente a esa entidade.